

# AXUDAS DESTINADAS Á CREACIÓN DE EMPRESAS PARA ACTIVIDADES NON AGRÍCOLAS E DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS EN ZONAS RURAIS - IG501A

## INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

### Proxectos obxecto de apoio

Serán subvencionables os proxectos dirixidos á creación de emprego nas zonas rurais mediante axudas á primeira implantación de actividades económicas non agrarias viables, que deben contribuír á diversificación económica, crecemento de emprego, sustentabilidade do medio rural e equilibrio territorial, tanto en termos económicos como sociais.

### Destinatarios

- Titulares ou membros dunha unidade familiar dunha explotación agraria que diversifiquen as súas actividades en ámbitos non agrícolas e que desenvolvan o seu proxecto na propia explotación.
- Autónomos e as microempresas e pequenas empresas de nova creación (dentro dos 12 meses anteriores á solicitude da axuda). Non se considera que existe nova creación nos supostos de cambio de natureza xurídica (de autónomo a sociedade mercantil unipersoal, por exemplo.) e se os socios que representen a maioría do capital social viñesen desenvolvendo a mesma actividade por conta propia desde antes dos 12 meses anteriores á data da solicitude de axuda.

### Solicitudes

- Solicitude procedemento IG501A
- Dentro do prazo establecido na convocatoria para presentar a solicitude de axuda, os interesados deberán cubrir previamente un formulario electrónico descritivo das circunstancias do solicitante e do proxecto para o cal solicita a subvención, a través da aplicación establecida no enderezo da internet <http://www.tramita.igape.es>

### Prazo

Do 4 de xaneiro ao 8 de marzo de 2022

[Resolución do 17 de decembro de 2021 pola que se dá publicidade do Acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas destinadas á creación de empresas para actividades non agrícolas en zonas rurais, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural \(Feader\), no marco do Programa de desenvolvemento rural \(PDR\) de Galicia 2014-2020, e se realiza a súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva \(Galicia Rural Emprende.](#)

(DOG nº 1 do 3/1/2022). **IG501**